



Concello de Cangas

Expediente: 1736/2024

Contrato: C24/9 Servizo de mantemento de equipos e redes informáticas

Asunto: INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), dispón no seu artigo 30.3 *que a prestación de servizos realizárase normalmente pola propia Administración polos seus propios medios. Con todo, cando careza de medios suficientes, previa a debida xustificación no expediente, poderase contratar de conformidade co establecido no Capítulo V do Título II do Libro II.*

Na mesma liña, o artigo 116.4 establece respecto dos contratos de servizos, a obriga de incorporar ao expediente o informe no que se xustifique adecuadamente a insuficiencia de medios.

En cumprimento do citado artigo, emítase o seguinte

INFORME

O servizo de Mantemento de infraestruturas informáticas e Redes do Concello de Cangas non pode deixar de prestarse polo carácter necesario e ineludible ao tratarse dun servizo esencial para o desenvolvemento das actividades desta entidade, especialmente dende a incorporación do Concello de Cangas a tramitación electrónica dos expedientes administrativos. Malia o anterior o Concello de Cangas carece de medios técnicos e humanos propios para atender tal prestación de servizo, xa que no cadro de persoal actual non existen prazas de informático que poidan cubrir as necesidades de mantemento das infraestruturas informáticas necesarias sen que tampouco se poidan cubrir esas necesidades con suficiencia co persoal existente polo que se fai necesario proceder á contratación do mesmo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

